Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (9 abstencións).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor o Grupo Mixto Cidadáns-Partido da Cidadanía (Cs) (1 voto).

Presidencia

Ben, prospera polo tanto con maioría absoluta a enmenda do Grupo Socialista. Xa non é necesario votar o voto particular e a proposta.

Acordo

1. Aprobar a modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2019, incorporando os cambios detallados na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M5/2019. Modificación do Anexo de Subvencións nominativas”.

2. Facultar á Excma. Sra. Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (9 abstenciones).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Mixto Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (Cs) (1 voto).

Presidencia

Bien, prospera por lo tanto con mayoría absoluta la enmienda del Grupo Socialista. Ya no es necesario votar el voto particular y la propuesta.

Acuerdo

1.- Aprobar la modificación del Anexo de Subvenciones nominativas del Presupuesto de 2019, incorporando los cambios detallados en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M5/2019. Modificación del Anexo de Subvenciones nominativas”.

2.- Facultar a la Excma. Sra. Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.

Listaxe que se incorpora

Modificación del Anexo de Subvenciones nominativas Expediente M5/2019 ENMIENDA:					
APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR Y NIF	FINALIDAD Y GESTOR
51.231 .48050	0,00	TRANSFERENCIAS CORRIENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio S.O.S. Racismo-Galicia	S.O.S. RACISMO-GALICIA G15651508	Gastos generales y formación para itinerarios de inclusión social Justicia Social y Cuidados

51.231 .48050	206.250,00	TRANSFERENCIAS CORRIENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS DE IGUALDADE E BENESTAR S1500072B	Colaboración en la gestión de los centros de día existentes en el término municipal Justicia Social y Cuidados
51.231 .48050	4.583,33	TRANSFERENCIAS CORRIENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Viraventos	VIRAVENTOS G70136429	Servicio de atención social a familias migrantes en situación de vulnerabilidad social Justicia Social y Cuidados
51.231 .48050	4.583,33	TRANSFERENCIAS CORRIENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Real Institución Benéfico-Social "Padre Rubinos"	REAL INSTITUCIÓN BENÉFICO-SOCIAL "PADRE RUBINOS" G15074743	Financiación gastos de funcionamiento y de actividades a realizar en el mismo Justicia Social y Cuidados
51.231 .48050	4.583,33	TRANSFERENCIAS CORRIENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Renacer de La Coruña	ASOCIACIÓN RENACER DE LA CORUÑA G15121254	Cobertura de los gastos generales de la entidad Justicia Social y Cuidados
51.231 .48050	0,01	TRANSFERENCIAS CORRIENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Importe que queda en la aplicación 51.231.48050 sin asignar a ninguna subvención nominativa		

170.- Aprobación inicial do expediente M6/2019 e modificación, no seu caso, da Relación de Investimentos 2019.

Asunto: Aprobación inicial do expediente M6/2019 de concesión de dous suplementos de crédito no Orzamento de 2019 (prorrogado de 2018) e modificación, no seu caso, da Relación de Investimentos 2019.

Este asunto foi ditaminado pola Comisión de Facenda e Administración de 27 de novembro de 2019, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista, e as abstencións

170.- Aprobación inicial del expediente M6/2019 y modificación, en su caso, de la Relación de Inversiones 2019.

Asunto: Aprobación inicial del expediente M6/2019 de concesión de dos suplementos de crédito en el Presupuesto de 2019 (prorrogado de 2018) y modificación, en su caso, de la Relación de Inversiones 2019.

Este asunto fue dictaminado por la Comisión de Hacienda y Administración de 27 de noviembre de 2019, con los votos a favor del Grupo Municipal Socialista, y las abstenciones de los

dos Grupos Municipais do Partido Popular, de Marea Atlántica, do BNG e Mixto (Cidadáns-Partido da Cidadanía), propoñendo ó Pleno, como ditame da Comisión, a adopción dos acordos seguintes:

1.- Aprobar no caso de que o informe do Ministerio sexa favorable, o expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2019 (M6/2019), e a modificación da Relación de Inversións do Orzamento de 2019, mediante a concesión dun suplemento de crédito por importe de seis millóns cento sete mil setecentos noventa e dous euros con vinte e seis céntimos (6.107.792,26€) na aplicación 30.151.60005 “adquisición de terreos”. Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M6/2019.1” que se incorpora ao expediente.

2.- Aprobar, no caso de que o informe do Ministerio sexa desfavorable ou non se emita no prazo necesario para que poida entrar en vigor dentro do exercicio, o expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2019 (M6/2019), mediante a concesión dun suplemento de crédito por importe de seis millóns cento sete mil setecentos noventa e dous euros con vinte e seis céntimos (6.107.792,26€) na aplicación 20.011.91300, “Amortización de préstamos M-L prazo fóra do sector público”. Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M6/2019.2” que se incorpora ao expediente.

3.- Aprobar o expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2019 (M6/2019), mediante a concesión dun suplemento de crédito por importe de cento trinta e un mil oitocentos sesenta e sete euros con trinta e seis céntimos (131.867,36€), na aplicación 20.011.91300, “Amortización de préstamos M-L prazo fóra do sector

Grupos Municipales del Partido Popular, de Marea Atlántica, del BNG y Mixto (Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía), proponiendo al Pleno, como dictamen de la Comisión, la adopción de los acuerdos siguientes:

1.- Aprobar en el supuesto de que el informe del Ministerio sea favorable, el expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2019 (M6/2019), y la modificación de la Relación de Inversiones del Presupuesto de 2019, mediante la concesión de un suplemento de crédito por importe de seis millones ciento siete mil setecientos noventa y dos euros con veintiséis céntimos (6.107.792,26€) en la aplicación 30.151.60005 “adquisición de terrenos”. Todo ello reflejado en el listado denominado “Expediente M6/2019.1” que se incorpora al expediente.

2.- Aprobar, en el supuesto de que el informe del Ministerio sea desfavorable o no se emita en el plazo necesario para que pueda entrar en vigor dentro del ejercicio, el expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2019 (M6/2019), mediante la concesión de un suplemento de crédito por importe de seis millones ciento siete mil setecientos noventa y dos euros con veintiséis céntimos (6.107.792,26€) en la aplicación 20.011.91300, “Amortización de préstamos M-L plazo fuera del sector público”. Todo ello reflejado en el listado denominado “Expediente M6/2019.2” que se incorpora al expediente.

3.- Aprobar el expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2019 (M6/2019), mediante la concesión de un suplemento de crédito por importe de ciento treinta y un mil ochocientos sesenta y siete euros con treinta y seis céntimos (131.867,36€), en la aplicación 20.011.91300, “Amortización de préstamos M-L plazo fuera del sector

público”. Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M6/2019.1” ou “Expediente M6/2019.2” segundo sexa o caso, que se incorpora ao expediente. Corresponde ao proxecto IFS de 2017 que non se vai executar debido a que se resolve o contrato.

4.-Aprobar o proxecto de distribución do financiamento procedente do remanente líquido de Tesorería para Gastos Xerais por importe de seis millóns cento sete mil setecentos noventa e dous euros con vinte e seis céntimos (6.107.792,26€) correspondentes ao superávit e cento trinta e un mil oitocentos sesenta e sete euros con trinta e seis céntimos (131.867,36€) correspondentes ao RLTX de libre disposición, é dicir co exceso do remanente sobre o superávit. Todo iso reflectido no listado “Expediente M6/2019. Financiamento”.

5.-Facultar á Excm. Sra. Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

171.- Aprobación inicial do expediente M7/2019 e modificación da relación de investimentos do orzamento de 2019 (prorrogado de 2018).

Asunto: Aprobación inicial do expediente M7/2019 de concesión dun suplemento de crédito e modificación da relación de investimentos do orzamento de 2019 (prorrogado de 2018).

Este asunto foi ditaminado pola Comisión de Facenda e Administración de 27 de novembro de 2019, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista, e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular, de Marea Atlántica, do BNG e Mixto (Ciudadanos-Partido da

público”. Todo ello reflejado en el listado denominado “Expediente M6/2019.1” o “Expediente M6/2019.2” según sea el caso, que se incorpora al expediente. Corresponde al proyecto IFS de 2017 que no se va a ejecutar debido a que se resuelve el contrato.

4.-Aprobar el proyecto de distribución de la financiación procedente del remanente líquido de Tesorería para Gastos Generales por importe de seis millones ciento siete mil setecientos noventa y dos euros con veintiséis céntimos (6.107.792,26€) correspondientes al superávit y ciento treinta y un mil ochocientos sesenta y siete euros con treinta y seis céntimos (131.867,36€) correspondientes al RLTX de libre disposición, es decir con el exceso del remanente sobre el superávit. Todo ello reflejado en el listado “Expediente M6/2019. Financiación”.

5.- Facultar a la Excm. Sra. Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.

171.- Aprobación inicial del expediente M7/2019 y modificación de la relación de inversiones del presupuesto de 2019 (prorrogado de 2018).

Asunto: Aprobación inicial del expediente M7/2019 de concesión de un suplemento de crédito y modificación de la relación de inversiones del presupuesto de 2019 (prorrogado de 2018).

Este asunto fue dictaminado por la Comisión de Hacienda y Administración de 27 de noviembre de 2019, con los votos a favor del Grupo Municipal Socialista, y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular, de Marea Atlántica, del BNG y Mixto (Ciudadanos-Partido de la

Cidadanía), proponendo ó Pleno, como ditame da Comisión, a adopción dos acordos seguintes:

1.- Aprobar o expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2019 (M7/2019), mediante concesión dun suplemento de crédito por importe de catrocentos cincuenta e tres mil douscentos sesenta e cinco euros con oitenta e oito céntimos (453.265,88€). Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M7/2019” que se incorpora ao expediente.

2.- Aprobar a distribución do financiamento procedente do remanente líquido de Tesourería para Gastos con financiamento afectado por importe de catrocentos cincuenta e tres mil douscentos sesenta e cinco euros con oitenta e oito céntimos (453.265,88€). Todo iso reflectido no listado “Expediente M7/2019. Financiamento”.

3.- Aprobar o proxecto de distribución do financiamento procedente do remanente líquido de Tesourería para Gastos con financiamento afectado por importe de catrocentos cincuenta e tres mil douscentos sesenta e cinco euros con oitenta e oito céntimos (453.265,88€). Todo iso reflectido no listado “Expediente M7/2019. Financiamento”.

4.- Facultar á Excma. Sra. Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

Presidencia

Polo Goberno, ten a palabra o señor Lage Tuñas.

Señor Lage Tuñas

Grazas, señora Alcaldesa.

Ciudadanía), proponiendo al Pleno, como dictamen de la Comisión, la adopción de los acuerdos siguientes:

1.- Aprobar el expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2019 (M7/2019), mediante concesión de un suplemento de crédito por importe de cuatrocientos cincuenta y tres mil doscientos sesenta y cinco euros con ochenta y ocho céntimos (453.265,88€). Todo ello reflejado en el listado denominado “Expediente M7/2019” que se incorpora al expediente.

2.- Aprobar la distribución de la financiación procedente del remanente líquido de Tesorería para Gastos con financiación afectada por importe de cuatrocientos cincuenta y tres mil doscientos sesenta y cinco euros con ochenta y ocho céntimos (453.265,88€). Todo ello reflejado en el listado “Expediente M7/2019. Financiación”.

3.- Aprobar el proyecto de distribución de la financiación procedente del remanente líquido de Tesorería para Gastos con financiación afectada por importe de cuatrocientos cincuenta y tres mil doscientos sesenta y cinco euros con ochenta y ocho céntimos (453.265,88€). Todo ello reflejado en el listado “Expediente M7/2019. Financiación”.

4.- Facultar a la Excma. Sra. Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.

Presidencia

Por el Gobierno, tiene la palabra el señor Lage Tuñas.

Señor Lage Tuñas

Gracias, señora Alcaldesa.

Este expediente de suplemento de crédito, o M6, financíase con cargo ao remanente líquido de tesourería procedente da liquidación do exercicio 2018.

Cabe recordar que resulta de aplicación a seguinte normativa, concretamente o Real Decreto Ley 10/2019, de 29 de marzo, polo que se prorroga para o 2019 o destino do superávit de comunidades autónomas e das entidades locais para investimentos financieramente sustentables, e prorroga para as entidades locais para 2019 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira, polo que se deberá ter en conta a disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Concello da Coruña liquidou o Orzamento 2018 cun superávit de 11.058.006,45 €. O superávit destinouse, en primeiro lugar, a saldar as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta 413 ou equivalentes —nos termos de normativa orzamentaria e contable que resulten de aplicación— e a cancelar, con posterioridade, o resto das obrigas pendentes de pago con provedores contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior. Despois de dar cumprimento ó antedito, a data do 11 de novembro de 2019, o saldo de superávit era de 6.107.792,26.

Fíxose unha consulta ó Ministerio sobre a utilización do superávit para o pago de sentencias firmes que recaeran en 2019. Inicialmente cuantificáronse como pasivos continxentes procedentes de sentencias relativas ó abono da diferenza

Este expediente de suplemento de crédito, el M6, se financia con cargo al remanente líquido de tesorería procedente de la liquidación del ejercicio 2018.

Cabe recordar que resulta de aplicación la siguiente normativa, concretamente el Real Decreto Ley 10/2019, de 29 de marzo, por el que se prorroga para el 2019 el destino del superávit de comunidades autónomas y de las entidades locales para inversiones financieramente sostenibles, y prorroga para las entidades locales para 2019 la aplicación de las reglas contenidas en la disposición adicional sexta de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, por lo que se deberá tener en cuenta la disposición adicional decimosexta del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

El Ayuntamiento de A Coruña liquidó el Presupuesto 2018 con un superávit de 11.058.006,45 €. El superávit se destinó, en primer lugar, a saldar las obligaciones pendientes de aplicar al presupuesto contabilizadas a 31 de diciembre del ejercicio anterior en la cuenta 413 o equivalentes —en los términos de normativa presupuestaria y contable que resulten de aplicación— y a cancelar, con posterioridad, el resto de los deberes pendientes de pago con proveedores contabilizadas y aplicadas a cierre del ejercicio anterior. Después de dar cumplimiento a lo anterior, a fecha de 11 de noviembre de 2019, el saldo de superávit era de 6.107.792,26.

Se hizo una consulta al Ministerio sobre la utilización del superávit para el pago de sentencias firmes que habían recaído en 2019. Inicialmente se cuantificaron como pasivos contingentes procedentes de sentencias relativas al abono de la

de valoración do proxecto expropiatorio para execución do Plan especial de protección e recuperación do Castro de Elviña a cuantía de 2.473.000 €.

Transcorrido o primeiro trimestre de 2019, recae sentenza firme que obriga a aboar por este Concello a contía de 5.213.188,24 polo xustiprezo de expropiación do Castro de Elviña fase I e de 2.860.101,08 polo Castro de Elviña fase II. Devanditos importes corresponden á diferenza entre o pagado na acta de ocupación e o que corresponde abonar segundo a sentenza. O total pendente de aboar polo Concello da Coruña correspondente a execución da sentenza por abono do precio xusto fixado pola comisión de valoración de parcelas situadas na zona de protección arqueolóxica Castro de Elviña fase I e fase II ascende a 12.019.641,42.

Tendo en conta a firmeza da sentenza e á vista da esixibilidade da mesma —ó mesmo nivel que as obrigas derivadas da execución dos orzamentos— expúxoselle ó Ministerio a seguinte consulta: si se podría considerar débeda pública conforme ó criterio expresado na consulta 4 do manual de consultas frecuentes e, en consecuencia, utilizarse o superávit de 2018 para o pago da obrigación derivada desta sentenza.

Avanzouse nalgo que vai a ser relevante, aínda que estea pendente de substanciar o que poda suceder con este superávit 2018 que é, nin máis nin menos, que se poida utilizar o superávit que teñamos neste ano 2019 para facer fronte durante o ano 2020 ao pago de sentenzas. Evidentemente estamos pendente da comunicación formal e oficial por parte do Ministerio, pero somos conscientes de que si o Ministerio informa favorablemente a utilización do superávit

diferencia de valoración del proyecto expropiatorio para ejecución del Plan especial de protección y recuperación del Castro de Elviña la cuantía de 2.473.000 €.

Transcurrido el primer trimestre de 2019, recae sentencia firme que obliga a abonar por este Ayuntamiento la cuantía de 5.213.188,24 por el justiprecio de expropiación del Castro de Elviña fase I y de 2.860.101,08 por el Castro de Elviña fase II. Dichos importes corresponden a la diferencia entre lo pagado en el acta de ocupación y lo que corresponde abonar según la sentencia. El total pendiente de abonar por el Ayuntamiento de A Coruña correspondiente a ejecución de la sentencia por abono del precio justo fijado por la comisión de valoración de parcelas ubicadas en la zona de protección arqueológica Castro de Elviña fase I y fase II asciende a 12.019.641,42.

Teniendo en cuenta la firmeza de la sentencia y a la vista de la exigibilidad de la misma —al mismo nivel que las obligaciones derivadas de la ejecución de los presupuestos— se le expuso al Ministerio la siguiente consulta: si se podría considerar deuda pública conforme al criterio expresado en la consulta 4 del manual de consultas frecuentes y, en consecuencia, utilizarse el superávit de 2018 para el pago de la obligación derivada de esta sentencia.

Se avanzó en algo que va a ser relevante, aunque esté pendiente de sustanciar lo que pueda suceder con este superávit 2018 que es, nada más y nada menos, que se pueda utilizar el superávit que tengamos en este año 2019 para hacer frente durante el año 2020 al pago de sentencias. Evidentemente estamos pendiente de la comunicación formal y oficial por parte del Ministerio, pero somos conscientes de que si el Ministerio informa favorablemente la utilización del

para o abono de sentencias firmes, estaremos dando un paso importante, tendo en conta a situación actual en canto a sentencias firmes e tendo en conta tamén algunhas previsións de futuro que poden complicar, de xeito realmente grave, o capítulo de inversións deste Concello. Pero non só estamos abordando o M6, tamén abordamos o M7, no cal o que facemos é dar un paso máis alá non só na prédica de futuro, se non destinando 453.265,88 a suplementar unha aplicación —a aplicación de adquisición de terreos— precisamente para dar un paso firme á hora de ir substanciando as sentencias ás que acabo de facer referencia, e polo tanto, non só predicar se non tamén dar trigo. En definitiva, o que facemos é que con este suplemento que se financia con cargo ó remanente líquido de tesorería para gastos con financiamento afectado, damos un pasiño máis para efectivizar o comenzo do pago das expropiacións pendentes do Castro de Elviña fase I e fase II.

Inicialmente, nada máis e moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Lage.

Iniciamos unha quenda de intervencións, 5 minutos a primeira, 3 a segunda.

Señora Martínez, por Ciudadanos.

Señora Martínez Lema

Ben, o motivo destas modificacións é a contía á que o Concello debe facer fronte polas expropiacións dos terreos do Castro de Elviña.

Este modificativo 6 tráenos un expediente para conceder dous suplementos de crédito por máis de 6

superávit para el abono de sentencias firmes, estaremos dando un paso importante, teniendo en cuenta la situación actual en cuanto a sentencias firmes y teniendo en cuenta también algunas previsiones de futuro que pueden complicar, de manera realmente grave, el capítulo de inversiones de este Ayuntamiento. Pero no solo estamos abordando el M6, también abordamos el M7, en el cual lo que hacemos es dar un paso más allá no solo en la prédica de futuro, si no destinando 453.265,88 a suplementar una aplicación —la aplicación de adquisición de terrenos— precisamente para dar un paso firme a la hora de ir sustanciando las sentencias a las que acabo de hacer referencia, y por lo tanto, no solo predicar si no también dar trigo. En definitiva, lo que hacemos es que con este suplemento que se financia con cargo al remanente líquido de tesorería para gastos con financiación afectada, damos un pasito más para efectivizar el comienzo del pago de las expropiaciones pendientes del Castro de Elviña fase I y fase II.

Inicialmente, nada más y muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Lage.

Iniciamos un turno de intervenciones, 5 minutos la primera, 3 la segunda.

Señora Martínez, por Ciudadanos.

Señora Martínez Lema

Bien, el motivo de estas modificaciones es la cuantía a la que el Ayuntamiento debe hacer frente por las expropiaciones de los terrenos del Castro de Elviña.

Este modificativo 6 nos trae un expediente para conceder dos suplementos de crédito por más de 6

millóns de euros, financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

O suplemento de maior contía, máis de 6.000.000 de euros, está condicionado, como ben dixeron, a que o Ministerio de Facenda emita un informe que así o autorice. A consulta ó Ministerio é basicamente si a isto se lle pode considerar débeda. Aínda non chegou a resposta, estamos pendentes, resposta que debemos ter antes de que se aprobe definitivamente. Esperamos que o Goberno cumpla coas súas previsións.

Pero vaíamos ao motivo desta necesidade: o pago das sentenzas firmes emitidas neste 2019 polas expropiacións dos terreos do Castro de Elviña, un proceso que ven xa dende 2001.

Pois ben, o total que o Concello ten pendente de aboar correspondente ás sentenzas polo xustiprecio fixado pola comisión correspondente nas fases I e II, ascende ao total de 12.019.641,42 €, unha cifra que podemos considerar unha sangría, produto de xestións anteriores doutros mandatos. Case catro millóns deses doce son froito da irresponsabilidade e dunha mala xestión. Deixáronse arrastrar polos procesos xudiciais. Así, o que suporía que o xustiprecio de ambas fases a 31 de este mes tería que ser de oito millóns de euros —un pouquiño máis—, o que fai que agora cheguemos aos máis de doce millóns de euros son os 3.946.352 € de intereses de demora. Falamos de casi catro millóns de euros por unha mala xestión política durante anos. Unha mala xestión que teremos que pagar todos os coruñeses.

E volvendo á parte contable, de como afrontar esta situación, imos apoiar esta

millones de euros, financiados con remanente líquido de tesorería para gastos generales.

El suplemento de mayor cuantía, más de 6.000.000 de euros, está condicionado, como bien dijeron, a que el Ministerio de Hacienda emita un informe que así lo autorice. La consulta al Ministerio es básicamente si a esto se le puede considerar deuda. Aún no llegó la respuesta, estamos pendientes, respuesta que debemos tener antes de que se apruebe definitivamente. Esperamos que el Gobierno cumpla con sus previsiones.

Pero vayamos al motivo de esta necesidad: el pago de las sentencias firmes emitidas en este 2019 por las expropiaciones de los terrenos del Castro de Elviña, un proceso que viene ya desde 2001.

Pues bien, el total que el Ayuntamiento tiene pendiente de abonar correspondiente a las sentencias por el justiprecio fijado por la comisión correspondiente en las fases I y II, asciende al total de 12.019.641,42 €, una cifra que podemos considerar una sangría, producto de gestiones anteriores de otros mandatos. Casi cuatro millones de esos doce son fruto de la irresponsabilidad y de una mala gestión. Se dejaron arrastrar por los procesos judiciales. Así, lo que supondría que el justiprecio de ambas fases a 31 de este mes tendría que ser de ocho millones de euros —un poquito más—, lo que hace que ahora lleguemos a los más de doce millones de euros son los 3.946.352 € de intereses de demora. Hablamos de casi cuatro millones de euros por una mala gestión política durante años. Una mala gestión que tendremos que pagar todos los coruñeses.

Y volvendo a la parte contable, de cómo afrontar esta situación, vamos a apoyar

aprobación inicial deste modificativo, á espera de que chegue o informe favorable do Ministerio de Facenda. Se non, como xa sabemos, hanse de buscar outras vías, vías moi preocupantes, pois a estimación dos intereses de demora que xera trimestralmente ascende entre ambas fases a 60.725,98 €. Cada trimestre os intereses ascenden a máis de 60.000 €.

Hai que atopar unha solución, por iso imos apoiar e entendemos que estas sentenzas, sendo firmes no 2019 —e non durante o 2018 que é cando se pechou o superávit de 2018 de máis de once millóns de euros— motiven estas xestións, para poder usar ese superávit de 2018.

A situación que nos preocupa a todos é que si esta enxeñería contable —e dito como un eloxio— non contase có visto e prace do Ministerio de Facenda, outra solución dispoñible pode afectar ao capítulo 6 dos orzamentos, as inversións, e verse limitados de xeito negativo ao comprometer as inversións, e se non existise outra vía como esta que se está buscando.

Como se nos informou en Comisión, desde hai un tempo véñense facendo consultas ao Ministerio de Facenda para poder empregar o superávit existente no pago de sentenzas firmes coma estas, intentado e considerándolas débeda pública.

O máis importante é atopar unha solución o máis axiña posible e dar sinais de querer cumprir.

Desde intervención e tesourería fixéronse uns informes moi detallados, excelentes e precisos e hai que agradecer aos funcionarios o traballo realizado. Tamén nos preocupa que poida chegar algunha sentenza máis e si é así, deberíamos estar

esta aprobación inicial de este modificativo, a la espera de que llegue el informe favorable del Ministerio de Hacienda. Si no, como ya sabemos, se han de buscar otras vías, vías muy preocupantes, pues la estimación de los intereses de demora que genera trimestralmente asciende entre ambas fases a 60.725,98 €. Cada trimestre los intereses ascienden a más de 60.000 €.

Hay que encontrar una solución, por eso vamos a apoyar y entendemos que estas sentencias, siendo firmes en el 2019 —y no durante el 2018 que es cuando se cerró el superávit de 2018 de más de once millones de euros— motiven estas gestiones, para poder usar ese superávit de 2018.

La situación que nos preocupa a todos es que si esta ingeniería contable —y dicho como un elogio— no contara con el visto bueno del Ministerio de Hacienda, otra solución disponible puede afectar al capítulo 6 de los presupuestos, las inversiones, y verse limitados de manera negativa al comprometer las inversiones, y si no existiera otra vía como esta que se está buscando.

Como se nos informó en Comisión, desde hace un tiempo se vienen haciendo consultas al Ministerio de Hacienda para poder emplear el superávit existente en el pago de sentencias firmes como estas, intentado y considerándolas deuda pública.

Lo más importante es encontrar una solución a la mayor brevedad y dar señales de querer cumplir.

Desde intervención y tesorería se hicieron unos informes muy detallados, excelentes y precisos y hay que agradecer a los funcionarios el trabajo realizado. También nos preocupa que pueda llegar alguna sentencia más y si es así,

preparados.

O Concello ten unha obriga cós expropiados e cós coruñeses, e para evitar na medida do posible que a débeda aumente trimestralmente por uns importes tan lascivos, débense estudar todas as opcións posibles.

Esta tramitación do expediente de modificación é competencia deste Pleno para aprobar a proposta do destino do superávit. No caso de que se informe desfavorablemente dende o Ministerio e que o prazo necesario para a tramitación impidise que puidieran ser empregados este ano e houbera que facelo no seguinte, sabemos que o destino iría a amortización de débeda bancaria prevista na lexislación, por eso consideramos que debemos intentalo.

Polo tanto, aquí decidimos si facer algo digamos arriesgado, polo novedoso, e sen a seguridade de obter unha resposta positiva saíndonos das liñas clásicas non referentes á normativa rigorosa, ou se debemos explorar novas alternativas. Porque sabendo que as inversións poden saír prexudicadas, hai que intentar protexelas.

Imos ser valentes, imos esperar esa resposta do Ministerio de Facenda e poñer toda a boa vontade para conseguilo. É unha obriga que en 2019 xa existe e que hai que pagar. Intentemos pagala no 20.

Outro problema é conseguir que paguemos as facturas a tempo, para poder usar o superávit en inversións sostibles. Hai un marxe legal de 30 días, débese cumprir a normativa e non o estamos facendo, seguimos sen facelo.

Vou deixar o resto para despois.

Presidencia

deberíamos estar preparados.

El Ayuntamiento tiene una obligación con los expropiados y con los coruñeses, y para evitar en la medida de lo posible que la deuda aumente trimestralmente por unos importes tan lascivos, se deben estudiar todas las opciones posibles.

Esta tramitación del expediente de modificación es competencia de este Pleno para aprobar la propuesta del destino del superávit. En caso de que se informe desfavorablemente desde el Ministerio y que el plazo necesario para la tramitación impidiera que pudieran ser empleados este año y hubiera que hacerlo en el siguiente, sabemos que el destino iría a amortización de deuda bancaria prevista en la legislación, por eso consideramos que debemos intentarlo.

Por lo tanto, aquí decidimos si hacer algo digamos arriesgado, por lo novedoso, y sin la seguridad de obtener una respuesta positiva saliéndonos de las líneas clásicas no referentes a la normativa rigurosa, o si debemos explorar nuevas alternativas. Porque sabiendo que las inversiones pueden salir perjudicadas, hay que intentar protegerlas.

Vamos a ser valientes, vamos a esperar esa respuesta del Ministerio de Hacienda y poner toda la buena voluntad para conseguirlo. Es una obligación que en 2019 ya existe y que hay que pagar. Intentemos pagarla en el 20.

Otro problema es conseguir que paguemos las facturas a tiempo, para poder usar el superávit en inversiones sostenibles. Hay un margen legal de 30 días, se debe cumplir la normativa y no lo estamos haciendo, seguimos sin hacerlo.

Voy a dejar el resto para después.

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Polo BNG, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

Señoras concelleiras e concelleiros.

Estamos ante un debate peculiar. Digo isto porque o que se somete a debate e aprobación inicial son dous expedientes de concesión de suplementos de crédito, un deles condicionado. E que é o que convirte este debate nun debate peculiar? Que, en cambio, o sentido de voto non pode ser condicionado.

No expediente M6 propónse a concesión de dous suplementos de crédito. O principal é un suplemento de crédito de algo máis de seis millóns de euros con cargo ó superávit de 2018 destinado á aplicación “Adquisición de terreos”, para así facer fronte ó pago de indemnizacións ás persoas afectadas polas expropiacións do Castro de Elviña. Pero este destino está condicionado a un informe favorábel do Ministerio de Facenda, caso contrario, o destino desa cantidade será a aplicación “Autorización de préstamos de medio longo prazo fora do sector público”, a súa vez condicionado ó cumprimento ou non do período medio de pago de provedores. Noutras palabras, o máis probábel é que o destino desa cantidade sexa pagar á banca. E en cambio, como dixemos ó principio, o sentido de voto non pode ser condicionado.

Nese sentido, quero deixar claro que o Grupo Municipal do BNG está de acordo en que o Goberno local explore a posibilidade de utilizar o superávit de 2018 para iniciar o pago das

Muchas gracias, señora Martínez.

Por el BNG, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Gracias, señora alcaldesa.

Señoras concejales y concejales.

Estamos ante un debate peculiar. Digo esto porque lo que se somete a debate y aprobación inicial son dos expedientes de concesión de suplementos de crédito, uno de ellos condicionado ¿Y qué es lo que convierte este debate en un debate peculiar? Que, en cambio, el sentido de voto no puede ser condicionado.

En el expediente M6 se propone la concesión de dos suplementos de crédito. El principal es un suplemento de crédito de algo más de seis millones de euros con cargo al superávit de 2018 destinado a la aplicación “Adquisición de terrenos”, para así hacer frente al pago de indemnizaciones a las personas afectadas por las expropiaciones del Castro de Elviña. Pero este destino está condicionado a un informe favorable del Ministerio de Hacienda, caso contrario, el destino de esa cantidad será la aplicación “Autorización de préstamos de medio largo plazo fuera del sector público”, a su vez condicionado al cumplimiento o no del período medio de pago de proveedores. En otras palabras, lo más probable es que el destino de esa cantidad sea pagar a la banca. Y en cambio, como dijimos al principio, el sentido de voto no puede ser condicionado.

En ese sentido, quiero dejar claro que el Grupo Municipal del BNG está de acuerdo en que el Gobierno local explore la posibilidad de utilizar el superávit de 2018 para iniciar el pago de las

indemnizacións ás persoas afectadas polas expropiacións do Castro de Elviña despois da sentenza firme que da a razón ás persoas demandantes, e de non ser posíbel, parécenos necesario explorar outras vías para cumprir con esta obriga sen comprometer a capacidade investidora do Concello.

Creemos, por razóns políticas e sociais, que a atención a esta obriga debe de ter prioridade, pero ademais, ese destino do superávit é mellor para o Concello por razóns financeiras, dado que os xuros por débeda xudicial son do 3%, fronte ó 0,7% dos préstamos bancarios.

As indemnizacións polas expropiacións do Castro de Elviña forman parte xa da longa lista de herdanzas envelenadas que pesan sobre este Concello, e de ter que facer fronte ó seu pago con cargo ós vindeiros orzamentos, o capítulo de investimentos veríase seriamente diminuído, e con iso a posibilidade de atender necesidades básicas da nosa cidade.

Pero o problema, señoras e señores concelleiros, é que moito nos tememos que o informe do Ministerio de Facenda sexa desfavorábel, cando menos no que se refire ó uso do superávit de 2018, dado que non era unha obriga contraída a peche de exercicio, pois a sentenza firme que da a razón ós demandantes do Castro de Elviña é posterior.

E moito nos tememos tamén que non se cumpran coas regras relativas ó periodo medio de pago. E se é así, o que estaremos votando é usar unha parte importante do superávit para pagar á banca. E esa é a razón pola cal o Grupo Municipal do BNG non pode votar a favor.

indemnizaciones a las personas afectadas por las expropiaciones del Castro de Elviña después de la sentencia firme que da la razón a las personas demandantes, y de no ser posible, nos parece necesario explorar otras vías para cumplir con esta obligación sin comprometer la capacidad inversora del Ayuntamiento.

Creemos, por razones políticas y sociales, que la atención a esta obligación debe de tener prioridad, pero además, ese destino del superávit es mejor para el Ayuntamiento por razones financieras, dado que los intereses por deuda judicial son del 3%, frente al 0,7% de los préstamos bancarios.

Las indemnizaciones por las expropiaciones del Castro de Elviña forman parte ya de la larga lista de herencias envenenadas que pesan sobre este Ayuntamiento, y, de tener que hacer frente a su pago con cargo a los próximos presupuestos, el capítulo de inversiones se vería seriamente disminuido, y con eso la posibilidad de atender necesidades básicas de nuestra ciudad.

Pero el problema, señoras y señores concejales, es que mucho nos tememos que el informe del Ministerio de Hacienda sea desfavorable, cuando menos en lo que se refiere al uso del superávit de 2018, dado que no era una obligación contraída a cierre de ejercicio, pues la sentencia firme que da la razón a los demandantes del Castro de Elviña es posterior.

Y mucho nos tememos también que no se cumplan con las reglas relativas al periodo medio de pago. Y si es así, lo que estaremos votando es usar una parte importante del superávit para pagar a la banca. Y esa es la razón por la cual el Grupo Municipal del BNG no puede votar a favor.

Quero lembrar que o ano pasado, durante o goberno da Marea Atlántica, foi obxecto de crítica que quince millóns de superávit se destinasen a pagar á banca e non a investimento, e hoxe estamos ante unha situación parecida.

Pero ademais, o noso sentido de voto é coherente coa nosa oposición ós dogmas das políticas obsesionadas coa chamada consolidación fiscal. O Concello da Coruña é un concello saneado economicamente, é un concello nunha situación de equilibrio patrimonial e financeiro, cun nivel de endebedamento totalmente asumíbel e en descenso, como teremos oportunidade de constatar cando neste Pleno se debata a Conta Xeral e, en cambio, a conversión dos dogmas neoliberais e normas con forza de lei obriga a destinar o superávit a amortizar débeda e non a investimento. Por iso o noso sentido de voto é tamén un aviso, ou, si o prefiren, é tamén unha petición.

